



ven.7, sab.8
[17,20 e 22:30]
dom.9 [17 e 20]
luns 10
[17, 20 e 22:30]

mer.12, ven.14
sa.15 e dom.16
[17 e 20]



ven.21, sab.22
e dom.23
[17,20 e 22:30]
luns 24 [22:30]

sab.29 e dom.30
[17,20 e 22:30]
luns 31 [22:30]



xoves 6
[20 e 22:30]



xoves 20
[20 e 22:30]

xoves 27
[20 e 22:30]

CINE



CINECLUB
GROUCHOMARX



O BARCO CULTURAL

setembro 07



CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS
Concellaría de Cultura



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE



instituto galego
das artes escénicas
e musicais



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



OS CONCERTOS DO CRISTO



- 13 / Doctor Explosión / Pza. Maior / 23:30
- 14 / Deluxe / Pza. Anadrés de Prada / 21:00
- 15 / Efecto mariposa / Pza. Andrés de Prada / 21:00
- 16 / Treixadura / Pza Andrés de Prada / 21:00

PRESENTACIÓN

O Instituto de Estudos Valdeorreses presenta o nº 11 dos seus Cadernos na Casa Grande de Vilaira o venres 21 de setembro ás 20:00 coa disertación do historiador Gustavo Hervella García, da Universidade de Santiago e do Consello da Cultura Galega

EXPOSICIÓNS

MULLERES

Biografías de mulleres galegas da historia e do presente.
Na Praza de Abastos ata o 18 de setembro, de 8 a 13 horas.

RAFAEL SUNYER

O artista Rafael Sunyer expón os seus traballos con técnicas mixtas no Centro Comarcal de Valdeorras, ata o 31 de setembro.

PEDRO DOBAO

O escultor valdeorrés expón no Mosteiro de Xagoaza baixo o título "O home e os seus conflitos", do 7 de setembro ao 7 de outubro, de 18 a 20 h.



ROMEO E XULIETA Teatro do Noroeste

venres 28 setembro 21:00 h Teatro Lauro Olmo

Autor: William Shakespeare

Dirección: Eduardo Alonso

Elenco: Luma Gómez, Christian Escuredo, Sara Casanovas, Antela Cid, Fernando Tato, Alejandro Carro, Omar Rabuñal Varela, Victoria Pérez Varela, Fernando González, Aitor Rei e Jacobo Bugarín Osorio.

Sinopse: A pesar da sensación inicial que se ten de que o conflito entre os Capuleto e os Montesco condiciona traxicamente o amor de Romeo e Xulieta, unha lectura máis atenta do texto de Shakespeare revela que, realmente, e aínda existindo este conflito, no inicio da obra está amainado e xa durmido polo tempo a desidia. Mesmo os vellos das dúas familias falan da posibilidade de acabar con el. Será, precisamente, a impulsividade e a precipitación, particularmente dos personaxes mozos e de Romeo en concreto, a que avivará o lume xa morno da inimizade. Unha vez avivada esa inimizade xa todo vai vir condicionado por ela. Dende este punto de vista cobran moito máis interese estes conceptos de impulso e precipitación, que o propio concepto do amor que así, pasa a ser secundario na lista de motivos que actúan como desencadeantes da traxedia.

"Pero esencia á fin e ao cabo. Aínda que a versión de Noroeste cambia as espadas do clásico polas pistolas, as belas localizacións veronesas por estradas, e os atuendos de época por vaqueiros e camisetas de deseño; respecta a esencia do mito shakesperiano, mesturando á perfección o seu florido lirismo co argot xuvenil que emprega o elenco de actores, centrando a lectura ideolóxica da peza no concepto da violencia da sociedade e na carnalidade que zumeiga a relación entre os distintos personaxes. En certo modo, o labor de Alonso concéntrase en despojar ao mito dos prexuízos que as distintas traducións decimonónicas lle teñen conferido."

(Xosé Lueiro-Galicia Hoxe)

O barquense Christian Escuredo dá vida a Romeo nun reparto de xoves actores con moito futuro. Será sen dúbida unha razón a maiores para non perderse este clásico do teatro universal na súa presentación no Barco.